



CONVENIO PARA O RECOÑECEMENTO DE CREDITOS DE LIBRE CONFIGURACIÓN CURRICULAR

REÚNENSE:

Dunha parte, o rector don Darío Villanueva Prieto, en representación da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

Da outra, don/a Annick Prévot, directora de clases da Alianza Francesa en Santiago de Compostela, C/ Horreo, 23, en representación desta Institución.

Ámbalas dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorga-lo presente convenio e, para os efectos

MANIFESTAN:

1. O Real Decreto 1497/1987, do 27 de novembro, polo que se establecen directrices xerais comúns dos planos de estudio dos títulos universitarios de carácter oficial e validez no territorio nacional, modificado polo Real Decreto 1267/1994 do 10 de xuño establecen os requisitos que deben reunir os créditos de libre elección que realice o estudante para a flexible configuración do seu currículo.
2. A Universidade de Santiago de Compostela ten recoñecido e incluído nos seus planos de estudio unha ampla oferta de materias e actividades académicas para cursa-las os estudantes como créditos de libre elección.
3. Co obxecto de ampliar esta oferta, a USC recoñecerá as ensinanzas e actividades académicas impartidas por determinadas institucións públicas ou privadas, sempre que se axusten á normativa vixente e se formalice a colaboración mediante o correspondente convenio.

En cumprimento do manifestado ámbalas dúas institucións

ACORDAN:

1.- OBXECTO DO CONVENIO

A Universidade de Santiago recoñece como créditos de libre elección para tódolos planos de estudio conducentes a títulos oficiais e validez en todo o territorio nacional, excepto os relacionados no parágrafo seguinte, as ensinanzas e actividades realizadas pola Alianza Francesa/Instituto Francés ó abeiro deste convenio.

EXCLUSIÓNS: Non procederá o recoñecemento dos cursos da Alianza Francesa/Instituto Francés para ser imputados como libre configuración curricular nas titulacións que os contidos das materias do plano de estudio sexan coíndentes cos contidos dos cursos.

a) Con carácter xeral quedan excluídas as titulacións de **HUMANIDADES e MESTRE ESPECIALIDADE EN LINGUA ESTRANXEIRA** cando a lingua matriculada sexa o Francés. Nestas titulacións só se recoñecerán os cursos da Alianza Francesa/Instituto Francés denominados Diplôme Approfondi de Langue Française (DALF).

b) Para estudos de **FILOLOXÍA**: Non procederá o recoñecemento destes cursos cando os contidos coïncidan coas materias troncais, obrigatorias ou optativas que estea a cursa-lo alumno. No suposto de que realice segundas ou terceiras linguas, só se recoñecerán os cursos da Alianza Francesa/Instituto DALF. Quedan excluídos do recoñecemento destes cursos os alumnos que cursen a titulación de Filoloxía Francesa.



2.- NORMAS DE APLICACIÓN

As ensinanzas e actividades impartidas pola Alianza Francesa que se recoñecen quedan suxeitas á seguinte normativa:

Real Decreto 1497/1987, do 27 de novembro, sobre directrices xerais comúns dos planos de estudio dos títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, modificado polo Real decreto 1267/1994, do 10 de xuño.

Resolución do 12 de novembro de 1998 polo que se acorda refundilas Normas de Xestión Académica da USC (DOG do 14 de xaneiro de 1999).

A Resolución rectoral pola que se aproba cada plano de estudos das titulacións impartidas na USC.

3.- CURSOS QUE SE RECOÑECEN PARA LIBRE ELECCIÓN

A USC determinará dentro da oferta anual de materias, cursos, seminarios e actividades de libre elección aqueles cursos ou seminarios que son impartidos pola Alianza Francesa/Instituto Francés suceptibles de recoñecemento como créditos de libre elección. Ó abeiro deste convenio os cursos que se recoñecen son os que figuran no punto seguinte.

4.- EQUIVALENCIA DOS CRÉDITOS QUE SE RECOÑECEN

O recoñecemento de créditos que se realiza estará en función dos diplomas e cursos feitos e o número de horas lectivas realizadas para a consecución dos mesmo así como o nivel de cada curso, en todo caso cada crédito non poderá ter un valor inferior a 15 horas de actividade docente polo que os certificados ou diplomas que se recoñecerán serán :

CERTIFICADOS OU DIPLOMAS	NIVEL	CRÉDITOS QUE SE RECOÑECEN
Diplôme Élémentaire de Langue Française (DELF).	Primer Grado (A1 a A4)	6
Diplôme Élémentaire de Langue Française (DELF)	Segundo Grado (A5 e A6)	9
Diplôme Approfondi de Langue Française (DALF)	Nivel B1 e B2	12
Diplôme Approfondi de Langue Française (DALF)	Nivel B3, eB4	16

O recoñecementos só se fará sobre cursos efectivamente realizados. Non procede o recoñecemento como cursos das validacións nin das probas que se realicen para acceder os distintos niveis para a obtención dos graos. En tódolos casos os créditos serán acumulativos, e dicir un estudante non poderán obter máis de 16 créditos, sumándose a diferenza cada vez que obteña un título ou certificado oficial, dos relacionados neste Convenio, de maior nivel.

5.- OBRIGAS DA ALIANZA FRANCESA/INSTITUTO FRANCÉS

A Alianza Francesa controlará a asistencia dos alumnos ós cursos e seminarios e o cumprimento dos requisitos que de se-lo caso se determinen.



6.- CERTIFICACIÓN DO CURSO

Para o recoñecemento dos estudos realizados o coordinador do curso, secretario ou directora da Alianza Francesa expedirá ós estudantes unha certificación co recoñecemento do curso segundo o modelo oficial que ós efectos ten aprobado USC.

7.- ANOTACIÓN DA CUALIFICACIÓN NO EXPEDIENTE DO ALUMNO

As cualificacións dos cursos e actividades realizadas polos alumnos na Alianza Francesa ó abeiro deste convenio figurarán no expediente do alumno coa mención de APTO ou NON APTO.

8.- RECOÑECEMENTO DOS CRÉDITOS DE LIBRE ELECCIÓN

Os alumnos deberán solicitar na correspondente Unidade de Xestión Académica o recoñecemento dos créditos para o que deberán aporta-lo certificado, segundo o modelo oficial, de ter superados os devanditos cursos ou actividades, e liquidados os prezos públicos correspondentes en concepto de validación. A liquidación dos prezos públicos é requisito suficiente para o recoñecemento dos créditos.

9.- EXECUCION E DURACIÓN DO CONVENIO

Ós efectos do seguimento e control do presente convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento formada pola directora de clases da Alianza Francesa en Santiago e un representante da USC nomeado polo Rector.

Os alumnos e persoal de administración e servizos e profesores da Universidade de Santiago terán dereito a obter prezos especiais, nas condicións que se pacten dos servizos ofrecidos pola Alliance Française.

A entrada en vigor do Convenio será a partir do día seguinte o da súa sinatura. Poderá ser modificado e desenvolvido por acordo das partes.

A Duración será por un período dun ano, prorrogables tacitamente por períodos iguais sucesivos, ata que unha das partes comunique á outra, con seis meses de antelación ó menos, a súa vontade de resolverlo e non prorrogalo convenio antes do prazo establecido .

En todo caso a súa eficacia continuará ata que rematen os alumnos que tivesen iniciado os cursos ou actividades deste Convenio.

10.- FINAL

Tamén serán recoñecidos dende a entrada en vigor deste Convenio os cursos e diplomas idénticos ós que aquí se recoñecen e que foron impartidos pola Alianza Francesa/Instituto Francés recoñecidos pola Embaixada de Francia en España a partir do curso 1999/2000.

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2001

**POLA UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA**


Darío Villanueva Prieto

POLA ALIANZA FRANCESA


Annick Prévot